

Avaliación do reto

Agora toca valorar o traballo realizado. Colorea de cada fila que opción (A, B ou C) seleccionou o teu grupo.

	A	B	C
NOME	O nome da obra está relacionado coa temática.	O nome da obra é creativo e fai referencia á temática.	O nome da obra é creativo e representa a temática a través dunha realidade cotiá. Emprégase unha linguaxe metafórica.
OS DEREITOS	Preséntase unha lista de dereitos e búscanse ao menos tres noticias relacionadas cos mesmos.	Preséntase unha lista de dereitos e escóllense noticias que representan a cada un deles.	Preséntase unha lista de dereitos e escóllense noticias que representan a cada un deles, a modo de gráfico visual explicando a súa relación a través do audio.
DIVERSIDADE	Identifícanse problemas sociais actuais relacionados coa temática.	Identifícanse problemas sociais actuais relacionados coa temática establecendo posibles solucións.	Identifícanse problemas sociais actuais relacionados coa temática establecendo causas e posibles solucións.
OBRAS ARTÍSTICAS	As obras artísticas que se presentan están directamente relacionadas coa temática.	Establécense dúas ou máis fotografías ou cadros de gran relevancia relacionadas coa temática do grupo.	Establécense dúas ou máis fotografías ou cadros de diferentes autores que sensibilizan sobre a temática explicando o que se transmite nelas a través do audio.
ONG/ INSTITUCIÓN	Móstrase unha ONG ou institución relacionada coa temática.	Móstrase unha ampla variedade de ONG e institucións especificando o ámbito de actuación de cada unha (local, nacional...).	Móstranse ONG e institucións de diferentes ámbitos (locais, nacionais...) relacionadas coa temática explicando cada unha delas a través do audio.
EXPRESIÓN ORAL	O audio presentado expón o contido da instalación de maneira xenérica.	O audio presentado proporciona unha visión xeral da instalación especificando cada un dos elementos que a compoñen.	O audio presentado proporciona unha visión xeral da instalación, especificando cada un dos elementos que a compoñen e indicando de maneira exhaustiva os problemas relacionados coa temática e posibles solucións para as persoas.



“Avaliación do reto” do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)